

ACTA Nº 3 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR DO “OBRADOIRO DE EMPREGO XESTIÓN FORESTAL TORRE GOIÁNS II BOIRO”

SESIÓN DO 30/09/2022

Asistentes:

Presidenta: María Mariño Poza

Secretaria: Carmen Saavedra Pego

Vogal 1: Miriam Hermo Suárez

Vogal 2: Margarita Sampedro Mariño

Vogal 3: Antón R. Rodríguez Gallardo

No salón de plenos da Casa Consistorial, sendo as 9:15 horas do 30/09/2022, reúnen-se os membros do tribunal designado para a selección dun/ha director/a do “Obradoiro de Emprego Xestión Forestal Torre Goiáns II Boiro”.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 176 de data de 15/09/2022, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do concello www.boiro.gal

O obxecto desta sesión é a resolución de posibles alegacións presentadas á valoración do currículo, outorga-las puntuacións definitivas e realizar a proposta de nomeamento.

1.- ALEGACIÓN PRESENTADAS:

Consta unha alegación presentada pola candidata Margarita Vilela Rodríguez na que solicita que se lle valoren distintos contratos laborais de docente, persoal de Apoio ao Técnico Local de Emprego, técnica de Análise e Prospección do Mercado Laboral, técnica de Xestión de Programas de Emprego e xestora de Especialización da Oferta Docente do Campus Terra, dentro dos cales non se realizan tarefas de dirección, polo que non procede telos en conta no apartado de experiencia profesional da valoración do currículo.

A efectos da valoración da experiencia profesional, nas bases que rexen o procedemento consta:

“Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 3 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares por conta allea, so se terá en conta os grupos de cotización 1 e 2.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.”

Polo que procede unicamente valorar experiencia profesional por tramos de seis meses enteiros, non contando restos de tempo rateados fora de estes tramos.

Así, o tribunal acorda por unanimidade desestima-las alegacións presentadas pola candidata Margarita Vilela Rodríguez.

2.- PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS:



O tribunal acorda por unanimidade ratificar as puntuacións outorgadas o día 27/09/2022, segundo se detalla a continuación por orde decrecente de puntuación total:

Nº	Nome	TITULACIÓN	EXPERIENCIA	CURSOS	TOTAL MÉRITOS	ENTREVISTA	TOTAL PUNTOS
1	LIDIA SANTOS TORRADO	0,5	3	3	6,5	5,4	11,9
2	MARGARITA VILELA RODRIGUEZ	2	0	3	5	6,5	11,5
3	PAULA MARIA TUBIO RODRIGUEZ	1	0	1,5	2,5	5,8	8,3
4	MARIANA RODRIGUEZ-LOSADA PEREZ MONTERO	1,5	3	3	7,5	0,2	7,7
5	JOSE FERNANDO GUDE CRUJEIRAS	0	1	0,7	1,7	4,1	5,8
6	LORENA ROMERO SANISIDRO	1,1	3	0,1	4,2	0,7	4,9

3.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO:

O tribunal acorda por unanimidade propoñer o nomeamento como funcionaria interina da candidata LIDIA SANTOS TORRADO coma directora do “Obradoiro de Emprego Xestión Forestal Torre Goiáns II Boiro”.

Asemade se propón a seguinte listaxe de suplentes, en caso de ser necesario:

Nº	Nome	TOTAL PUNTOS
1	MARGARITA VILELA RODRIGUEZ	11,5
2	PAULA MARIA TUBIO RODRIGUEZ	8,3
3	MARIANA RODRIGUEZ-LOSADA PEREZ MONTERO	7,7
4	JOSE FERNANDO GUDE CRUJEIRAS	5,8
5	LORENA ROMERO SANISIDRO	4,9

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 09:25 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

María Mariño Poza

Carmen Saavedra Pego

Miriam Hermo Suárez

Margarita Sampedro Mariño

Antón R. Rodríguez Gallardo

